



Expediente número: PLN/2018/13

## ACTA

**Sesión Ordinaria 13/2018 celebrada polo Pleno do Concello o día 29 de novembro de 2018.**

## ORDE DO DÍA

### PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 12/2018 do 25/10/2018
2. Proposta da Aprobación Provisional do Expediente Modificación de Crédito 38/2018.SC01/18
3. Incremento do Límite das Gratificacións do Persoal Funcionario VII.
4. Proposta para Denominación do Pavillón Municipal de Chapela como "Pavillón Municipal Manuel González Soto.
5. Proposta de Denominación á Axencia de Lectura Municipal de Chapela (Biblioteca de Chapela) co nome da poeta "Xela Arias".
6. Proposta de Nomeamento de Diego San José como Fillo Adoptivo do Concello de Redondela.

### PARTE DE CONTROL

7. Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito: MC 35/2018.GC15/18, MC 36/2018.GC16/18 e MC 37/2018.TC16/18
8. Actividades de control do pleno.
  8. 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.
  8. 2 Solicitude de comparecencia.
  - 8.3 Mocións.
  8. 4 Rogos e preguntas.

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía número 3334/2018 de data 26 de novembro de 2018, e sendo as vinte horas e sete minutos do 29 de novembro de 2018 coa presidencia do sr. Alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:



### **GPM PP**

Arturo González Barbeiro

María del Carmen Amoedo Dasilva

Jesús Crespo López

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros

María Teresa París Blanco

Julio César Mougán Vázquez

María José Barciela Barros

### **GPM PSOE**

Mauro Álvarez Castro

Ana Isabel Rey Gómez

Eduardo José Reguera Ocampo

Leonardo Cabaleiro Couñago

Digna Rosa Rivas Gómez

Isaac Borja Araújo Figueroa

### **GPM AER**

Xosé Covelo Míguez

Noé Cano Correa

Juan Roberto Darriba Ferradás

Javier Bastos Devesa

### **GPM BNG**

Xoán Carlos González Campo

### **NON ADSCRITO**

Enrique Fojo Durán

Asiste o interventor do Concello, sr. Ángel Santamariña Rivera; e o sr. Carlos López Quintáns, Secretario Municipal, que dá fe do acto.



Unha vez verificado polo Secretario o quórum e a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, da que estendo a presente acta.

### **INCIDENCIAS:**

- 1) Non asiste a concelleira Ángela Antón Pazos do Partido Popular.
- 2) Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia machista e violencia contra a infancia.
- 3) O sr. Alcalde, sendo as 22:03 horas acorda un receso na sesión. Sendo as 22:27 horas reiníciase.

Alcalde: damos lectura do manifesto sobre a violencia machista no que participaron de forma activa os rapaces no pleno infantil.

Teresa París dá lectura do manifesto:

*“Para todas as nenas e nenos, mozas e mozos que estudan no concello de Redondela, a violencia de xénero constitúe un problema que require do esforzo de toda a sociedade para a súa eliminación.*

*Identificámolo, dende a nosa idea, coma condutas e accións que dende o machismo máis antigo ata as situacións de violencia nas redes sociais, coinciden en facer crer que as mulleres son “seres inferiores e que teñen que estar permanentemente sometidas ao que outros digan”.*

*Dentro destas condutas que buscan, e moitas veces conséguen, infravalorar as mulleres, aldraxalas e maltratalas de xeitos inimaxinables, se atopan formas de violencia moi diferentes.*

*E ás veces, incluso as mulleres e nenas, non son quen de decatarse da situación de violencia na que viven por mor dunha autoestima baixa, por falta de apoios ou porque non saben identificar as claves da violencia e tampouco imaxinan todos os tipos de violencia que poden darse:*

- Insultos, golpes, ameazas.*
- Vixiar conversas privadas, control das saídas e entradas.*
- Prohibir ver amigos ou saír con eles.*
- Dicirche o que poñer ou non, onde ir e cando voltar.*
- Facerche perder a túa valía coma persoa mediante as vexacións verbais ou físicas.*

*O que está claro é que unha persoa quere dominar a outra para anular a súa vontade, por medio da violencia, o maltrato psicolóxico ou económico, a vixilancia e o control total da súa vida, facendo que se senta cada vez máis insignificante e chegando ata enfermarse.*



*Nós, coma parte tan importante da sociedade, comprendemos que a violencia de xénero non é tolerable nunha sociedade de persoas iguais. Comprendemos que pode pasarlle a calquera sen que faga nada para tal. E tamén queremos expresar que nunca debemos esquecer quen somos, o que valemos e cales son os límites que nunca debemos deixar que se traspasen.*

*Queremos unha sociedade na que deixemos de ouvir frases coma “non era para tanto”, ou “ti métete no teu”. Queremos unha sociedade na que ninguén pense que controlar as mulleres é o normal.*

*Onde todas e todos saibamos distinguir os sinais do maltrato para paralo canto antes e así axudar e previr casos máis graves. Unha sociedade onde o normal sexa o bo trato.*

*A discriminación da muller ten que sentirse e eliminarse en todos os ámbitos onde estea instalada. Necesitamos máis modelos e exemplos de igualdade que nos inspiren, no deporte, na cultura, na publicidade ou mesmo nas profesións que desexemos para o futuro.*

*Propoñemos que se denuncie o maltrato, que se axude realmente ás vítimas, que non sexamos cómplices dos agresores e condenar coma sociedade cada maltrato.*

*Queremos que os prexuízos sociais sobre o aspecto e as roupas, o valor e a forza, a sensibilidade e a deportividade puramente competitiva deixen de existir para desenvolvernos coma persoas iguais.*

*Consideramos que é importante non fomentar a violencia gratuíta con xogos ou videoxogos, o cine ou a televisión, porque nos chegan mensaxes contraditorias, e así non é fácil distinguir onde se agochan as violencias. E ese é un gran problema que temos a día de hoxe.*

*Somos aínda persoas en crecemento, pero temos a forza de cambiar as cousas, queremos poder ser o que nos queiramos ser e comer o mundo sen pensar en humillar a ninguén.*

*Moitos anos de historia amósannos que as cousas poden mudar, que as sociedades son o que os homes e mulleres fan delas. Por iso propoñemos unha serie de acordos que este Pleno infantil quere transmitirle a toda a cidadanía de Redondela.*

*O primeiro é que sexamos conscientes, saibamos identificala e non toleremos a violencia nas nosas vidas.*

*O segundo é que as vítimas poidan saír dos casos de violencia antes de que sexan casos graves.*

*O terceiro é que ninguén siga mirando para outro lado.*

*O cuarto é que se fagan esforzos para que logremos eses obxectivos, a través de obradoiros, exposicións, charlas, recoñecemento ás mulleres, a prevención nas escolas, non fomentando a violencia en ningún ámbito da vida, con esculturas, obras de teatro e máis cousas que axuden a non confundirnos cando esteamos ante unha situación de violencia de xénero.*

*O quinto seguir buscando novas medidas, en concursos de ideas ou como app para os móbiles.*



*Dende este Pleno infantil seremos altofalantes e embaixadores para o bo trato, a non violencia, a visibilización da muller coma igual social e comprometémonos a axudar coas nosas propostas a que a sociedade na que vivimos elimine xa e dunha vez a violencia machista, e que se rematen as feridas e as perdas de vidas de mulleres, de nenas e nenos.*

*Queremos bo trato, respecto e coñecemento.*

*E dicir adeus ao maltrato, á violencia, á trata de persoas, á violencia sexual e tamén as mutilacións e matrimonios infantís.*

*Queremos unha sociedade onde poder vivir libres de violencia de xénero e que o consigamos co traballo de todas as persoas, maiores e tamén nós, nenas, nenos e mozas, mozos de Redondela.”*

### **1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 12/2018 do 25/10/2018**

Se dá conta do borrador da acta da sesión ordinaria núm. 12/2018 do 25/10/2018.

#### INTERVENCIONES:

Sr. Cano: dá lectura da seguinte rectificación que foi entregada previamente ó secretario:

*“Na votación do punto 2 da orde do día (RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS VII), AER abstívose; logo na páxina 7 da acta, onde di:*

#### *VOTACIÓN E ACORDO:*

*Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 18 votos a favor (8 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do concelleiro non adscrito) e 1 abstención do BNG.*

*Debera dicir:*

#### *VOTACIÓN E ACORDO:*

*Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 15 votos a favor (8 do PP, 6 do PSdeG-PSOE e 1 do concelleiro non adscrito) e 4 abstencións ( 3 de AER e 1 do BNG).”*

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido a votación o mencionado borrador, coa rectificación proposta por AER, apróbase, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes sendo 20 votos a favor (08 do PP, 06 do PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).



## 2. Proposta da Aprobación Provisional do Expediente Modificación de Crédito 38/2018.SC01/18

### ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda de día 26/11/2018 que di:

“En base ao expediente tramitado de modificación orzamentaria coma suplemento de crédito, en virtude da Memoria desta Alcaldía, empregándose como recurso de financiamento a baixa de crédito.

Visto o informe da Intervención de 22 de novembro de 2018 con referencia ASR-22.11.18.1 con cinco páxinas e que consta de antecedentes, lexislación aplicable, seis consideracións e conclusión.

É por elo, que teño a ben propor á Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local:

**Primeiro.-** Aprobar o suplemento de crédito:

### Suplemento de Crédito

APLICACIÓN	CONCEPTO	CONSIGNAC. INICIAL	INCREMENTO	CONSIGNAC. DEFINITIVA
0111A/9120005	Amortización do préstamo LA CAIXA 46093875	277.569,50 €	23.042,29 €	300.611,79 €

**Segundo.-** Que se continúe a tramitación do expediente, con posterior exposición pública, no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación. Así mesmo, facultar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin.

**Terceiro.-** Que se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente aprobado e se publicará no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación.



**Cuarto.-** Remisión de copia ó Estado e á Comunidade Autónoma.”

#### INTERVENCIONS:

O sr. Alcalde dá a palabra ao sr. Interventor.

Sr. Santamariña (interventor): na aplicación orzamentaria onde se pretende suplementar o crédito, o nome non é correcto. En entidade financeira debe constar LA CAIXA e non BBVA.

Sra. Amoedo: trátase dun expediente que foi á comisión pertinente. A obra dos bordillos e xardineiras da Alameda de Redondela tivo unha baixa na adxudicación, o sobrante debe ser destinado a amortizar anticipadamente a débeda do Concello tal como marca o Ministerio. Decidimos amortizar o préstamo que ten un interese máis alto.

Sr. González (BNG): isto é unha inversión do remanente de tesourería do ano 2017, preto de 100.000 euros que se utilizaron para a renovación dos bordillos da Alameda de Redondela. No seu momento cuestionamos esta inversión porque consideramos que hai outras prioridades. Despois desta obra crea outra partida con outro convenio coa Xunta para o xabre, 107.000 euros. Se utilizou nun primeiro momento o remanente para unha obra que non era necesaria. Eses remanentes debían negociarse e priorizar o gasto onde correspondía. Tiña tan claro o PP que non chegaba a poder executar a obra que o proxecto de renovación dos bordos é do 2017. Non estamos de acordo coa inversión nesta obra, nese remanente tamén se levou a partida correspondente no malgasto da Batalla de Rande.

Alcalde: o da batalla de Rande é un servizo e o remanente non se adica a iso, senón a inversións.

Sr. Darriba: nós o remanente si que o negociamos, porén foi un acordo a presión. A nó isto nos parece basicamente un trámite, obrigatoriamente por lei ten que ir a amortización.

Sr. Álvarez: estamos a falar dun remanente de máis de un millón de euros do ano 2017. En xullo do 2017 este remanente non foi directamente consensuado, houbo presións porque as obras estaban un pouco no aire. O remanente de crédito levaba unha partida orzamentaria de máis de 600.000 euros que era a urbanización da finca da Xinaría. As súas estimacións a día de hoxe amosan que non foron certas. Gustaríame que a sra. Amoedo me dixera agora aquelas palabras de que sae gratis. Agora mesmo estamos preto de 1 millón de euros. Xa lle avisamos de que acababan de renunciar a unha axuda que proviña da Deputación de Pontevedra para repoñer o firme da Alameda de Redondela.

No concurso público houbo unha baixa na contratación, agora sobran algo máis de 23.000 euros. A Alameda estivo pechada meses e meses xusto na época na que conflúe máis xente nesta vila. Vostedes deixárona pechada porque non foron quen de que as obras se fixesen noutra época ou se xestionase de forma máis rápida.



Son conscientes de que a obra está mal rematada? Que a auga non drena? E iso sen contar que hai que facer unha limpeza.

Sra. Amoedo: o problema que temos sr. Álvarez é que da oposición non nos fiamos. Temos unha deputada que nos representa e non defende os intereses de Redondela. Non podemos fiarnos da Deputación, si nos fiamos de administracións serias, como a Xunta que nos financiou o 80% da obra do xabre da Alameda de Redondela. Digan que época é máis axeitada para facer a obra.

O terreo da Xinaria e o colexio lle saíu gratis ao Concello. Vostedes en 30 anos de goberno non foron quen de obtelos. Teñen que dicirle a este alcalde grazas. Temos contas en positivo, podemos facer obras, nas licitacións aínda sobran cartos e con eles podemos amortizar cartos. Onde ve a mala xestión?

O sr. González di o non polo non. Di que a Alameda non é prioritario pero tamén di que ao non facelo hai deixamento. Cremos que a Alameda é un símbolo en Redondela. Sr. Álvarez o técnico municipal di que o xabre necesita tempo para ir repousando. A Deputación non fai obras en condicións. Tardamos en abrir a Alameda de Redondela pero porque consideramos que ten a importancia que ten e había que facela ben. Se son necesarias rectificacións a obra ten garantía. Na Xinaria xa pode ver a estrutura dun colexio.

Sr. González (BNG): a voceira do PP fai referencia á reposición do xabre pero o que fan habilmente é ir deteriorando determinadas infraestruturas e despois fan inversións desorbitadas para facer propaganda. O que fai o PP agora é provocar que moitas das árbores que hai na Alameda vaian podrecendo. O único que lles importa é saír ós medios de comunicación e dicir que teñen remanente de sobra. A zona dos Eidos está totalmente abandonada, non fan obras e inversións alí. Non deixan que se faga vida alí. Simbolicamente queremos votar en contra porque consideramos que o remanente que se gastou na Alameda foi propaganda.

Sr. Darriba: o que debemos debater é a aprobación dun expediente de modificación de crédito pero estamos falando de moitas cousas que agora non tocan. Temos dúbidas de como se fixo a obra pero entendemos que xa tocará falar disto.

Sr. Álvarez: sra. Amoedo sei que está convencida de que a súa xestión é boa e a mellor, non vou dicir na miña vida que esa finca saíu gratis (Xinaria). Un só euro nesa finca, non saíu gratis. Di que na Deputación temos unha deputada pero vostedes tamén teñen un deputado. Vostedes tiñan asignada a axuda e renunciaron. Para a obra da Alameda se lles dixo que o fixeran polo Plan Concellos pero fixérono co remanente. Dixen que a obra se fixese noutra época, non dixen que tivese que ser agora no inverno. Vostedes nas redes sociais dixeron que non se fixera o mantemento votándolle a culpa ao bipartito, pero levan sete anos no goberno e teñen moita responsabilidade. Falan de que poden acudir á garantía, pois poden acudir a ela no Paseo da Portela de Cesantes.

Sra. Amoedo: a deputada no goberno da Deputación é a sra. Rivas. O que conseguimos é un acordo previo coa Deputación para facer o campo de fútbol.





Sra. Amoedo: mire sr. Álvarez traemos aquí a amortización de parte dun préstamo coa baixa nunha obra. Tamén teremos preparado o terreo para unha gardería que xa temos na Xunta feitas xestións para poder facela. O sr. González fai mención ó paseo da Portela, e resulta que despois houbo que levar sacos de sal no inverno porque non se podía transitar. Esa obra fixérona vostedes. Cando gobernan fan improvisación.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a proposta, coa modificación antes indicada polo interventor, resulta aprobada en votación ordinaria por maioría dos concelleiros presentes, sendo 13 votos a favor (08 do PP, 04 de AER e 01 do concelleiro non adscrito), 01 voto en contra do BNG e 06 abstencións do PSOE.

### **3. Incremento do Límite das Gratificacións do Persoal Funcionario VII**

#### ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda de día 26/11/2018 que di:

“A día de hoxe, obsérvase que existen importes de gratificacións por servizos extraordinarios que están pendentes de aboar deste mes.

É por elo que é preciso proceder a realizar as pertinentes operacións orzamentarias que poidan amparar estas retribucións pendentes de aboar os empregados municipais.

No caso dos funcionarios, como vai supor un aumento do importe global das gratificacións extraordinarias aprobadas no seu momento polo Pleno, é preciso que a autorización para aumentar dito importe sexa outorgado polo órgano competente que é o Pleno da Corporación.

Incorpórase o informe de Intervención con referencia ASR-21.11.18.3 de 21 de novembro que consta de catro páxinas.

**En virtude do que antecede esta Presidencia, propón que a Comisión Informativa de Economía e Facenda eleve ó Concello Pleno a seguinte proposta de acordo:**

**Primeiro.-** Establecer o importe máximo de gratificacións en 71.559,59 €, cumprindo coas condicións establecidas no informe da Intervención antedito.”



## INTERVENCIÓN:

Sra. Amoedo: traemos a proposta para o aumento de 3 mil euros para completar o importe necesario para as gratificacións extraordinarias que se fixeron no mes.

Sr. González (BNG): parece que se vai moderando un pouco o tema das gratificacións; nesta proposta hai de todo. Valoramos que repercute moito as horas para apagar o lume en Negros. Segue habendo propostas de pago para limpeza de vehículos do Concello. Segue existindo falta de previsión. Recoñecemos que se os traballadores fan o seu traballo e seu servizo hai que pagarlles.

Sr. Darriba: chove sobre mollado. Comezamos en xuño onde xa superamos as previsións. Seguimos todos os meses a pesar das advertencias de intervención. Este ano batemos récord, xa superamos en 4.000 euros o récord que tiñamos en 2017. Seguimos pagando por comparecencia nos xulgados, non sei cantas, seguimos pagando cando todos estes anos o reparo de intervención de cada nómina lle di que non se debe pagar. Outra vez tamén lavar e limpar os vehículos, non sei cantos lavaron. Non podo saber se nos sae a conta facelo en sábado. Non me parece que facer estas horas nos sábados sexa así. Nos chama moito a atención 56 horas extras nas que non sei como esta persoa as fai, cumpre os descansos? Cumpre co máximo de horas permitidas? Son horas extras curiosas: luns, xoves, venres, martes. Non son horas extras de fin de semana. Esperamos que nos dean unha explicación. Son de 6:30 a 14:30. Vostedes seguen igual. Deberían darnos unha pequena explicación destas horas. Non nos parecen extraordinarias.

Sr. Cabaleiro (PSOE): mes a mes a mesma cantinela coas gratificacións. No pleno anterior me permitín a licenza de darlles unha explicación de facer traballos por horas extras. Non estamos en contra de que se fagan horas extras pero para traballos que sexan necesarios. Vostedes non funcionan como hai que funcionar. Nas horas extras hai que ser moi precavido. Hai que mover cousas do campo do Choco para traelas ó almacén pero podería facerse nas horas habituais de traballo. A plantilla xa sabemos que é xusta pero vostedes teñen que xestionala correctamente. Hai algunhas destas horas que están ben pero outras non, escoiten os informes de intervención. Xa estamos en 71.000 euros e o límite son 99.000 euros. Con isto lle pido responsabilidade e criterio.

Sra. Amoedo: sr. Cabaleiro mes a mes se repite vostede, me parece sorprendente cando xa lle expliquei pleno tras pleno que apostamos para que sexan funcionarios os que fagan estes traballos extraordinarios e non ter que privatizar. Preferiría que os vehículos os levase a lavar unha empresa privada? Non se fai pola semana porque os vehículos fan falta e os servizos non se poden interromper. Son os reis de dicir que o que poidamos o vamos a privatizar. Vostedes queren traer este modelo de privatización a Redondela e nós non. Sr. González non hai falta de planificación, o que hai é falta de persoal. Agora que goberna o PSOE en Madrid igual conseguimos contratar máis persoal.



Sr. Darriba: non sei cantos coches son. Pregunto quen asina as horas extras, o concelleiro ou o xefe de servizo? Hai casos en que o xefe de servizo non asina as horas extras. É significativo porque se trata da policía municipal. Teñen privatizado ata o servizo de poñer cadeiras nos eventos. Respecto das horas extras xa lle dixemos que nos parece un abuso respecto dos traballadores, hai unha cuestión que se chama riscos laborais e é responsabilidade de quen goberna. O que esperamos é que para o ano, antes de xuño, ó mellor nos damos sentado todos e se fai unha planificación seria.

Sr. Cabaleiro: non pretendo vir aquí a darlle leccións a ninguén. Os que están privatizando son vostedes. O que vén ó caso é a recomendación que lle quero facer: teñan vostedes un cronograma dos traballos básicos que haxa que facer e os traballos extras que realmente haxa que facer non dicimos que non. Fixemos un estudo con xubilacións, absentismos e os resultados poden ser sorprendentes.

Sra. Amoedo: para que teñen as comisións de facenda? se teñen ese estudo magnífico, a que espera para pasalo na comisión? Se hai algo que non está ben se mira, pero na comisión vostedes non falan. Se con ese estudo marabilloso aforran cartos ós cidadáns digan o estudo. Cando gobernan deixaban as horas extras sen pagar. Hai 12 vehículos e 4 chimpíns, mire sr. Darriba canto sae cada lavado. Vigo e Pontevedra son exemplos de privatización. Cambien a norma agora que gobernan en Madrid para poder contratar persoal.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a proposta antes indicada, resulta aprobada en votación ordinaria por maioría dos concelleiros presentes, sendo 08 votos a favor do PP, 04 votos en contra de AER e 08 abstencións (06 do PSOE, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

### **4. Proposta para Denominación do Pavillón Municipal de Chapela como "Pavillón Municipal Manuel González Soto"**

#### ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Cultura e Turismo de día 16/11/2018 que di:

“Tendo en conta que don Manuel González Soto destaca no ámbito deportivo redondelán, xa que xogou e adestrou na modalidade deportiva de balonmán, no Teucro de Pontevedra e no C.D. Balonmán Chapela ao que pertence desde os 17 anos, desempeñando o cargo de presidente desde hai 40 anos.

Foi galardoado con diferentes distincións ao mérito deportivo pola Real Federación Española de Balonmán e pola Federación Galega de Balonmán.



O pavillón de Chapela é a instalación municipal que acolle ao C.D. Balonmán Chapela desde a súa construción no ano 1986.

Tal como prevé o artigo 13 do Regulamento de honores e distincións do Concello de Redondela (publicado o 17.08.2018 no BOP de Pontevedra núm. 158 a súa modificación definitiva) “Os acordos para a denominación de espazos ou edificios públicos, para a colocación de estatuas e monumentos e para a celebración de actos de homenaxe promovidos polo concello, adoptaranse logo da tramitación do expediente establecido no capítulo VI do presente regulamento e despois de oír a Comisión Informativa que corresponda”.

En base ao anterior e co fin de recoñecer a ampla traxectoria deportiva de don Manuel González Soto e a súa dedicación ao fomento do deporte,

### **PROPÓN**

Que se denomine o pavillón municipal de Chapela como **Pavillón Municipal Manuel González Soto**, co fin de homenaxear a este redondelán e, deste xeito, facer perdurar na memoria do noso municipio a súa figura deportiva, así como mostra de admiración e respecto a don Manuel González Soto.”

### INTERVENCIÓNS:

Sr. Mougán: no procedemento fálase de elaborar unha memoria que acredite e xustifique a proposta de nomeamento. Nesa memoria quería resaltar varias cousas. O balonmán Chapela está de aniversario, 50 anos. Deses anos, 40 os viviu Manuel González: xogador, directivo, seareiro... o mérito está en conseguilo na mesma modalidade deportiva e no mesmo club. É difícil nunha modalidade como o balonmán que unha federación galega lle dea un recoñecemento para despois darlle unha medalla de ouro a Xunta, e despois tamén a Federación Española che outorgue unha distinción coa medalla de prata de insignia. Quería resaltar estas liñas por enriba de calquera resultado ou ascenso. Me dá rabia de que sexa tan curto con estas verbas. Este recoñecemento debe perdurar no tempo.

Sr. González (BNG): reafirmando o que acaba de expoñer o concelleiro de deportes; tamén dende o BNG pensamos que as cousas se poden facer dun xeito máis elegante. Isto tería que ir nun pleno individual, cada un deles para darlle maior repercusión. Apoiamos a proposta dende o seu inicio e dixemos que era moi importante que a parroquia de Chapela apoiase este nomeamento a través do Consello Parroquial e así se fixo. Non somos moi partidarios dos nomeamentos individuais, pero recoñecemos que sempre foi na mesma modalidade e tamén en momentos duros do Balonmán Chapela. Esta proposta nos parece acaída.

Sr. Bastos: estamos de acordo con todo o exposto pero nos gustaría que a elección fose máis parecida ás que vamos tratar despois. Nos gustaría máis nomes, con votación popular. Seguramente gañase. Nos absteremos.



Sra. Rivas: temos claro que o protagonista é o sr. González Soto. O balonmán vai unido a este nome. É un referente, é unha persoa que traballou a reo durante moitísimos anos e durante os momentos máis duros. As honras hai que facelas en vida. Teño o pracer de coñecelo e sei que o vive e por iso é moi importante. Votaremos a favor.

Sr. Mougán: dicirle ó sr. Bastos que o que buscamos é recoñecer ó que acabamos de nomear. En canto á elegancia que falaba o sr. González, creo que si. Seguro que hai moita máis xente que mereza o recoñecemento. O que buscamos é poñer en valor a Manuel González Soto, non tanto cambiar o nome do pavillón. Foi ratificado por ampla maioría no Consello Parroquial. Respecto do procedemento que se seguiu, considero que se tiramos cara atrás o procedemento non é o mesmo que noutros casos.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a proposta antes indicada, resulta aprobada en votación ordinaria por maioría dos concelleiros presentes, sendo 16 votos a favor (08 do PP, 06 do PSOE, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito) e 04 abstencións de AER.

### **5. Proposta de Denominación á Axencia de Lectura Municipal de Chapela (Biblioteca de Chapela) co nome da poeta "Xela Arias"**

#### ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Cultura e Turismo de día 16/11/2018 que di:

“A unidade administrativa das Bibliotecas Municipais de Redondela está composta pola Biblioteca P. M. Valle-Inclán de Redondela e a Axencia de Lectura Municipal de Chapela (Biblioteca de Chapela).

A Biblioteca Municipal de Redondela leva o nome do insigne escritor D. Ramón María del Valle-Inclán, por outra banda a Biblioteca de Chapela non está nomeada de ningún xeito. E por iso que, neste ano en que se celebra o 50 aniversario da apertura ao público da Biblioteca Pública Municipal Valle-Inclán, convidouse á cidadanía a participar, mediante propostas acordadas aos criterios que se indicaban nas bases da convocatoria, na escolla dun nome para a Biblioteca de Chapela, situada no Multiusos do Piñeirál do Crego.

Rematado o prazo para presentación de propostas o 30 de setembro de 2018 e coa finalidade de valoralas, convocouse o tribunal nomeado ao efecto, composto por:

- María Teresa París Blanco, concelleira de Cultura
- María Elena Becerra García, bibliotecaria das Bibliotecas Municipais de Redondela
- José Ángel Reboredo Surís, auxiliar das Bibliotecas Municipais de Redondela
- María José Villar Fernández, auxiliar das Bibliotecas Municipais de Redondela
- Ana Gesteira Ponce, auxiliar do Arquivo Municipal de Redondela
- Roberto Gil Moure, policía local e secretario do tribunal



resultou elexida por **unanimidade** entre as 16 propostas que optaron a concurso, a da poeta e tradutora **XELA ARIAS**, presentada desde a biblioteca do Instituto de Chapela onde a autora foi profesora, por reunir todos os requisitos previstos nas bases da convocatoria:

- O nome proposto estará ligado ao eido da literatura: escritor/a, editor/a, impresor/a,...
- O nome proposto deberá gardar unha relación directa coa cultura e a lingua galegas
- Darase prioridade ao nome dunha muller co propósito de recoñecer e visibilizar o papel das mulleres no eido da literatura galega
- O nome proposto non deberá ter outro recoñecemento en espazos públicos de Redondela (rúas, prazas, edificios públicos, monumentos,...) no intre de presentar a candidatura.

A maiores o tribunal considerou sumar como mérito os lazos que a autora tiña con Chapela, polo tempo de ensinante no instituto desta parroquia.

Xela Arias Castaño (1962-2003), foi portadora dunha poética moi persoal e audaz que aportou á poesía galega elementos innovadores, tanto no contido como na forma. Debido ao seu prematuro falecemento aos 41 anos de idade, a obra de Xela Arias é escasa pero de grande calidade de feito a poeta salienta entre os poetas galegos da xeración dos 80. Segundo palabras da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) *"Xela cuestionou e subverteu as construcións xenéricas e lingüísticas, tamén os límites tradicionais impostos ao texto, mediante un labor creativo na que a provocación sempre estivo intimamente ligada á reflexión fonda, lúcida e intelixente"*.

O seu primeiro libro Denuncia do equilibrio (1986) presenta unha temática heteroxénea onde unha deliberada despreocupación pola forma cede o protagonismo ao fondo, nel debulla obsesións que se repiten ao longo da súa obra, cunha linguaxe poético persoal que poderíase calificar como vanguardista, facendo fincapé en códigos e símbolos propios. No poemario Tigres coma Cabalos (1990) hai xa unha clara evolución no estilo da poeta, coidando máis a forma e utilizando maiores puntuacións e unha síntexe menos arbitraria. No seu libro Dario a Diario (1996) experimenta a maternidade dun xeito intimista. Coa súa obra Lili sen pistolas quedou finalista no prestixioso premio de poesía Esquio. O seu derradeiro libro Intempériome (2003) que non puido presentar porque a morte a sorprendeu dúas semanas antes, deixa patente a madurez literaria e o momento creativo que vivía a autora.

Xela Arias foi unha muller excepcional, unha galega comprometida coa cultura e coa lingua do país, coñecedora das correntes literarias que viñan de fóra fronte á temática social que mantiña a poesía galega anterior. A autora comprométese directamente na súa obra co individuo, polo que se podería afirmar que Xela Arias foi unha das principais artífices da renovación temática e estética da poesía galega podendo encaixala na corrente de "poesía da muller" e polo tanto ser precursora do literario feminino dos anos 90."



## INTERVENCIÓNS:

Sra. París: este proceso foi un proxecto piloto para propoñerlle á cidadanía que nos axudase a buscar un nome axeitado para este edificio. Consideramos que o seu nome debía estar vinculado a unha persoa asociada coa cultura de Redondela. Publicamos unhas bases, houbo bastante participación e despois se reuniu o tribunal facendo a proposta de Xela Arias.

Xela Arias estivo vinculada coas letras, pero o que máis pesou foi a súa vinculación co mundo do ensino. Se vinculou coa parroquia de Chapela.

-Dá lectura da proposta de acordo-

Para rematar quero dar uns datos importantes da súa vida: foi pioneira en labores de tradución ao galego, recibiu diversos premios de tradución, entre outras cousas. Pensamos que o nomeamento é moi acaído.

Sr. Fojo: nos parece moi ben esta elección e votaremos a favor.

Sr. González (BNG): nos gustaría que estes nomeamentos fosen en plenos únicos para darlle máis valor.

Sr. Covelo: por primeira vez neste caso seguimos o procedemento que se estableceu no regulamento e nos pareceu bastante participativo para que o pobo se pronunciase. Este proceso vén na liña do que no seu día demandou AER, participaron moitas persoas particulares. O acertado do xurado totalmente imparcial, e tiveron o matiz de buscar a Xela Arias. Apoiaremos, pensamos que é un camiño bastante acertado.

Sra. Rey: felicitar pola iniciativa ó técnico de normalización lingüística, colaboración do persoal da biblioteca e a todo o persoal e persoas que participaron neste proceso. Non queremos que só quede nun nome, tamén queremos que se destaque a obra da escritora, destacou por saír de perspectivas formais e morais, defendendo a independencia dos corpos e das ideas. Debería darse relevancia por separada a cada un dos personaxes. Tentar que en cada espazo público exista unha pegada do escritor, é interesante para non quedarnos só no nome. Tamén podería traballarse cos institutos. Tamén defendeu a lingua galega nas traducións que fixo das grandes obras clásicas. É unha gran iniciativa do técnico de normalización.

Alcalde: xa hai unha iniciativa que estamos madurando para que en cada parque infantil sexa así, e tamén que estean as frases. Tamén nas alamedas, nos bancos, poñer unha referencia a eles.

Sra. París: agradecer o apoio dos grupos políticos a esta candidatura. É un orgullo poder nomear así a biblioteca. É certo que existen proxectos complementarios para utilizar partes do texto de persoas relevantes da nosa cultura e que consten en espazos públicos.



#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a proposta antes indicada, resulta aprobada en votación ordinaria por unanimidade dos concelleiros presentes, sendo 20 votos a favor (08 do PP, 06 do PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

### **6. Proposta de Nomeamento de Diego San José como Fillo Adoptivo do Concello de Redondela**

#### ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Cultura e Turismo de día 16/11/2018 que di:

“Diego San José de la Torre (Madrid, 1884 – Redondela, 1962) foi un recoñecido escritor cunha ampla obra e diversidade literaria (prosa, poesía, ensaio, teatro...). No eido da prensa encontramos múltiples colaboracións en cabeceiras como *El Globo*, *Blanco y Negro*, *ABC* ou *El Heraldo de Madrid* e tamén xorde o seu nome como conferenciante na radio. O seu estilo e destreza literarias fixérono acredor do recoñecemento público.

A relación de Diego San José con Redondela comeza en Madrid antes da guerra. Na capital española trabou amizade co músico Reveriano Soutullo, quen logo sería o seu cuñado, no café *La Iberia*, alá polo ano 1910. Froito daquela relación e pouco tempo despois é a primeira visita a Redondela. Logo viría o trato con Alejandro Otero, a quen San José honraría nas páxinas de *Faro de Vigo* en 1953 co gallo da súa morte no exilio, e con Ernestina Otero, estudante en Madrid na *Escuela de Estudios Superiores del Magisterio*.

As impresións do escritor en Redondela describiunas en artigos de prensa nos cales se fala dos costumes ou das lendas do país galego. O tempo que estivo na vila tamén lle serviu para atopar novos amigos que tempo despois serían tan importantes ante unha situación hostil.

Porén, a relación con Redondela interrompeuse tras a morte de dúas das súas tres fillas logo dunha estadía na vila polo verán de 1925. Un golpe excesivo no ánimo familiar que imposibilitou que volvesen, como escribiu a filla que sobreviviu, María del Carmen. En todo caso, Galicia e Redondela continuaron presentes na súa escrita.

Home de ideas republicanas e responsable da xefatura de prensa da Dirección Xeral de Seguridade foron suficientes motivos para ser procesado en 1940 e condenado a pena capital. Salvou a vida grazas á mediación do xeneral Millán Astray, con quen mantiña relación previa, e a condena quedou en 30 anos de prisión.





Os anos de presidio pasounos fundamentalmente na illa de San Simón, en Redondela. Así produciuse o reencontro coa vila. Aquela experiencia carcelaria relatouna no libro *De cárcel en cárcel* (publicado postumamente en 1988), obra biográfica de grande acerto literario. Neste tempo contou co arroupe de Ernestina Otero e demais familiares de Reveriano Soutullo.

Ao saír da prisión, Diego San José retomaríaa as amizades redondelás tras decidir asentarse na vila. José Regojo deulle traballo na súa empresa téxtil, de maneira que a súa vida se puido estabilizar. Durante estes anos continuou escribindo, agora tamén na prensa galega como *La Noche* de Santiago ou *Faro de Vigo*.

Redondela converteuse no seu espazo creativo, social e laboral. Así o volume *Estampas nuevas del Madrid viejo*, está dedicado a Rita Regojo; ou *Gente de ayer*, dedicado a Ernestina Otero que son mostras da adaptación e adopción que fixo Redondela coa súa persoa e familia. E boa parte desta experiencia literaria coa vila quedou recollida no libro *Redondela e os redondeláns na obra de Diego San José* (2013), prologada pola súa filla María del Carmen e asinada por Manuel Puga e Xosé Manuel Moreira Docampo.

Diego San José foi nomeado socio de honra do Casino. Asistiu ao parladoiro do Café Imperio canda veciños como José Regojo, Antonio Ocampo, Luis Pereira, Saturno Cal, Pedro Alfonso Gutiérrez, Florentino Pereira ou Enrique Hernández.

O 10 de novembro de 1962 falecería en Redondela. O seu corpo soterrouse no Cemiterio dos Eidos e posteriormente trasladouse ao de Mañó, onde acougan hoxe en día.”

#### INTERVENCIONS:

Sra. Amoedo: o ano pasado na presentación da reedición do libre *De cárcel en cárcel*, e petición de Manuel Puga Pereira presidente da Fundación Penzol e tamén con escritos posteriores de apoio, correos electrónicos de persoas ligadas á universidade, escritores, periodistas que apoiaron de xeito unánime. Xustiza con este nomeamento.

-Dá lectura da proposta de acordo-

Destacar a importancia desta persoa en Redondela e ter un escritor deste nivel na nosa vila. Ceferino de Blas dicía que a súa presenza coincide co período dourado do columnismo literario. Reflectiu nos seus libros a súa estadía en Redondela. Tamén me gustaría facer referencia a correos que nos chegaron (vai dando lectura) e que dixeron que era de xustiza enxalzando a súa figura. Un dos escritores máis prolíficos.

Sr. Fojo: nos parece de xustiza e votaremos a favor.



Sr. González (BNG): dende o BNG queremos reiterar que nos gustaría que fose nun pleno independente. Isto xurde da iniciativa de colectivos de Redondela, en concreto 16 colectivos (Republicano de Redondela, Asemblea Feminista Paxaretas, Federación de Asociacións de Veciños, Xente Titiriteira ...). É unha iniciativa de carácter social popular. Se fixeron loas á figura de Diego San José e iso que estabamos nunha ditadura. Tiña firmes conviccións republicanas, conmutáronlle a pena de morte por cadea perpetua, que despois foille parcialmente revocada.

Despois da presentación do libro “de cárcere en cárcere” se emprazou ao Alcalde de Redondela para que tomase iniciativa no asunto e pasou un ano, e porque empuxaron diferentes colectivos. Isto contrasta con outras dinámicas que se crearon de persoeiros do ano. Nos congratulamos de que haxa unha presenza de colectivos sociais que apoiem esta proposta. Se non existise este movemento social se cadra non se faría, por todo isto penso que é de xustiza que sexa nomeado como fillo adoptivo.

Sr. Covelo: concordamos co exposto polas diferentes partes ata agora. O pobo gobernando o que é de seu e identifícanos como un máis de Redondela aínda que non fose nado en Redondela. Tremenda creación literaria e cultural e malia a problemática da represión franquista. A proclamación popular vén referendada porque todos os grupos políticos estamos de acordo, apoios con correos electrónicos, presentación do libro con gran concorrencia e Manuel Puga lanzou esa petición que foi recollida por diferentes asociacións de Redondela. Suma moita xente arredor desta figura.

Sr. Araújo: agradecer a todos os colectivos que loitaron por referendar esta proposta encabezada pola presentación do libro de cárcere en cárcere. Falar del é falar dun demócrata, gran literato, moi vencellado á Redondela, na época do franquismo sufrindo no penal de San Simón. Como me conta a súa filla grandes penurias que sufriron para vir a Redondela. Diego por ser un demócrata. Queremos agradecer a seus fillos/as e netos/as por ter un vínculo grande con Redondela. Tamén propoño que se toma en consideración por esta Corporación ou futura que saia, colocar unha placa onde viviu e faleceu, e estudar a posibilidade de poñer un busto ou unha estatua como se soe poñer nas alamedas das grandes cidades. Salientar o agradecemento que me trasladou a súa filla.

Sra. Amoedo: é importante dicir que o pobo quere que sexa así, e que se recoñeza a esta persoa como fillo adoptivo de Redondela. Para facer este nomeamento sempre houbo unha constante comunicación e o fixemos da man, tamén coa cidadanía. Non cremos sr. González que sexa o momento de facer debate político.

Sr. González (BNG): pois si que é necesario porque este sr. foi represaliado polas súas ideas republicanas. Houbo comisións nas que se nomeou por distintos colectivos que apostaron por nomes determinados e vostedes non os levaron a cabo. Vostedes non traballan cos colectivos, isto foi grazas aos colectivos.

Sr. Araújo: pedimos que no capítulo de distincións do Concello, no art. 23 do Regulamento, que se poña un libro e se faga un traballo de recompilación e actualización dun libro que a día de hoxe non hai.



#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a proposta antes indicada, resulta aprobada en votación ordinaria por unanimidade dos concelleiros presentes, sendo 20 votos a favor (08 do PP, 06 do PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

O sr. Alcalde, sendo as 22:03 horas acorda un receso na sesión. Sendo as 22:27 horas reiníciase.

#### **7. Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito: MC 35/2018.GC15/18, MC 36/2018.GC16/18 e MC 37/2018.TC16/18**

Se dá conta do expediente de modificación de crédito MC 35/2018.GC15/18 mediante a xeración de crédito por importe de 80.000,00 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 22.10.2018

Se dá conta do expediente de modificación de crédito MC 36/2018.GC16/18 mediante a xeración de crédito por importe de 46.241,58 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 05.11.2018

Se dá conta do expediente de modificación de crédito MC 37/2018.TC16/18 mediante a transferencia de crédito por importe de 1.172,64 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 21.11.2018

O Pleno quedou informado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

#### **8. Actividades de control do pleno.**

##### **8. 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.**

O Pleno queda informado das resolucións de Alcaldía. Non se producen intervencións.



## 8. 2 Solicitud de comparecencia.

### ANTECEDENTES:

Solicitud de comparecencia con entrada no concello o día 19/10/2018 con número 2018-E-RC-13939 que se transcribe a continuación:

*“SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO ALCALDE POLO CONTRATO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO PÚBLICO DO CONCELLO DE REDONDELA”*

*Considerando o establecido na acta notarial de 7 de outubro de 1993 para a Concesión Administrativa da Xestión Integral do Subministro de Auga Potable e Saneamento, na cal establece 25 anos de concesión a partir de outubro de 1993.*

*Considerando a decisión maioritaria do pleno do 27 outubro do 2016, onde se aprobou por maioría:*

*-Proceder á denuncia do contrato concesión do servizo integral de auga potable e saneamento.*

*-Garantir que sexa entregada dita comunicación.*

*Solicitamos a comparecencia do alcalde ante este pleno para explicar:*

*- Cal é a situación actual deste servizo público e do contrato coa concesionaria?*

*- Estamos con prórroga do contrato ou non se tramitou a denuncia aprobada en pleno?”*

### INTERVENCÍONS:

Sr. Darriba: hai un contrato que tiña 25 anos e se solicitou a denuncia no pleno e que se lle entregara a notificación á concesionaria. ¿Cal é a situación?

Alcalde: se denunciou nun pleno do 27 de outubro de 2016 e foi notificada á empresa en novembro de 2016. Se fixo o trámite correctamente.

Non estamos nunha prórroga no servizo pero si en continuidade na prestación do servizo por razóns de interese público, o servizo se segue prestando. Desde que se comunicou que se ía acabar o prazo do contrato, tentamos propoñer un novo prego onde non se cometeran erros do pasado, analizar a situación de infraestrutura, de custes... aínda estaba a secretaria anterior e comezamos a armar cales serían os elementos para sacar un novo prego. Despois de Ana Merino, outra secretaria, ata que se incorpora o actual secretario. O contrato é dos máis complexos que se pode tratar. Aquí se estiveron facendo xestións por parte de Secretaría para ter elementos técnicos que se teñen que incorporar ó prego.



Dende un primeiro momento se propón ter que asistir a unha asistencia técnica. Secretaría realiza unha serie de contactos con consultoras para saber prezos, capacitación, experiencia das consultoras.

Houbo unha primeira sorpresa, críamos que o custe estaba axeitado nunha determinada cantidade e cando practicamente o tiñamos atado se desmarcaron entendendo que tiñan que facer varios traballos e facturar por ambos. Se entendeu por secretaria que iso sería un fraccionamento de contrato.

Agora se propón un prego aberto para seleccionar a asistencia técnica. Que vai incluír a asistencia técnica e o prego de prescricións técnicas, que incluírá un inventario de infraestruturas, proposta de novo regulamento, análise custos de persoal, anteproxecto de explotación na que conste unha memoria que conteña datos básicos como estudo económico de custos de explotación e mantemento, estudo de implantación de canon e obras, melloras que pode aportar o concesionario. A primeira variación importante é que as obras non as realice o concesionario senón que se fai unha mellora, a contratación a fará o Concello e sería quen licitase. Con este novo contrato o Concello tería o control dos gastos. Segue lendo o que di o prego técnico. Na semana que vén queremos que estea en licitación.

Sr. Darriba: vexo que vostedes dun xeito unilateral decidiron que este servizo sexa un servizo privatizado. Agora estamos preparando para contratar unha empresa que elabore o prego de prescricións técnicas. Debe ser un tema bastante segredo para que non teña pasado por unha comisión de servizos privatizados nin se nos teña informado ó respecto. A intención é privatizar, pois espero que con prontitude nos ofrezca todo isto detallado e a complementen con datos. Espero que nos convoquen o antes posible coa documentación enriba da mesa.

Alcalde: os técnicos municipais no seu momento apostaban por unha continuidade no modelo. Apostar por outra cousa no momento actual coa normativa de contratación existente, non é viable. Moitas das preguntas que se facían no pleno quedarán agora obxectivamente datadas. Teremos unha consultora independente da concesionaria. É un contrato complexo. A licitación da concesión ten que vir a pleno.

## **8. 3 Mocións**

### **8.3.1 Moción de AER de Apoio ao Veciño de Redondela Marco Antonio Santos Soto.**

#### **ANTECEDENTES:**

Moción de AER con entrada no concello o día 18/10/2018 con número 2018-E-RPLN-18 que se transcribe a continuación:



“O pasado mes de agosto, e despois de que o Goberno do Estado Español decidira retirar os restos do ditador Francisco Franco do mausoleo no que se atopan enterrados, mausoleo construído en réxime de traballos forzados por moitas das vítimas da súa represión; un grupo de militares decidiron facer un comunicado pedindo respecto polo ditador, e intentando presionar ao goberno para que non levara a cabo esta acción tan necesaria para que se deixe de seguir humillando as vítimas, permitindo que a súa figura siga estando nun lugar destacado despois de ser un dos personaxes mais negros da historia recente de España. O comunicado enzalza a folla de servizos do antigo ditador e o seu rápido ascenso, pero esquece que foi o artífice dun golpe de estado contra un goberno legal e lexítimo, artífice dunha guerra civil para impoñer a súa ditadura co apoio dos exércitos fascista italiano e nazi alemán, e artífice da represión e purga que continuou despois da guerra. Só por dar algúns datos poderíamos estar falando que a represión franquista é responsable de 140.000 desaparecidos e responsable de que arredor de 30.000 nenos foran roubados aos seus pais e entregados a “familias de confianza” pola ditadura (Comisión internacional para as persoas desaparecidas I.C.M.P.).

Tras este vergoñento comunicado, outro grupo de militares deciden sacar un contracomunicado para aclarar algunhas cousas, e deixar clara cal é a función do exército no estado español, e en calquera estado no que a soberanía resida nos seus habitantes. O seu comunicado, moi claro e conciso, constaba de tres puntos:

Los militares que nos adherimos a esta propuesta sostenemos que:

1. El general Franco no merece respeto ni desagravio alguno, sino nuestra repulsa más absoluta por haber encabezado un golpe de estado sangriento y genocida contra la legal y legítima II República Española, la feroz guerra civil posterior, y una dictadura opresiva e inclemente durante casi cuarenta años.

2. Los militares españoles somos funcionarios servidores del estado, tenemos nuestra conciencia individual libre como cualquier ciudadano, pero no tenemos derecho alguno a presionar como colectivo al Estado democrático.

3. No somos portadores de una Moral superior, ni sostenemos ninguna sagrada herencia histórica. Nos debemos simplemente a la soberanía nacional que reside en el pueblo español

O noso veciño Marco Antonio Santos Soto, que leva 19 anos no exército, foi un dos asinantes deste comunicado e agora pode enfrontarse a 30 días de arresto pola posible comisión dunha falta grave, ao acusalo de incumprir os artigos 7.1, e posiblemente o 7.5 da LORDFAS (Ley orgánica de régimen disciplinario de las fuerzas armadas).



Estes artigos din o seguinte:

- Emitir manifiesta y públicamente expresiones contrarias, realizar actos irrespetuosos o adoptar actitud de menosprecio hacia la Constitución, la Corona y demás órganos, instituciones o poderes del Estado; la Bandera, Escudo e Himno nacionales; las comunidades autónomas, ciudades con estatuto de autonomía o Administraciones locales y sus símbolos; las personas y autoridades que las representan así como las de otras naciones u organizaciones internacionales; las Fuerzas Armadas, sus cuerpos y escalas, las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad, así como sus autoridades y mandos. (Art. 7.1).

- Hacer peticiones, reclamaciones, quejas o manifestaciones contrarias a la disciplina o basadas en aseveraciones falsas, así como formularlas con carácter colectivo o a través de los medios de comunicación social. (Art. 7.5).

Parécenos unha aberración que en pleno século XXI haxa máis de 1000 militares, a gran maioría oficiais superiores, que xuraron defender a Constitución, posicionándose en contra dela e a favor dun ditador. Dende a Agrupación de Electores de Redondela consideramos que Marco Antonio Santos Soto cumpriu o seu deber como demócrata de reprochar aos militares que enxalzan a outro militar xenocida, polo que propoñemos ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

- 1.- Mostrar o apoio do pleno de Redondela ao Cabo Marco Antonio Santos Soto.
- 2.- Mostrar o seu apoio ao comunicado firmado polos militares antifranquistas.
- 3.- Dar traslado deste acordo ao presidente do goberno de España, ao xefe do Estado Español e Capitán Xeneral dos Exércitos, e ao Ministerio de Defensa. ”

#### INTERVENCIONS:

Sr. Fojo: como ben se di na moción Franco foi un acomplexado da vida que non conseguiría derrocar un goberno lexítimo como o da República se non fose polo fascismo italiano e o apoio nazi. Non nos sorprende cando Felipe VI non se pronunciou sobre a exhumación dos restos de Franco e traslado. Dá mágoa que non se condene a exaltación dun ditador. A xustiza militar non é menos. Dámoslle o noso total apoio ao militar Marcos Antonio así como a todo o equipo que apoiou o manifesto.

Sr. González (BNG): dende o BNG queremos distinguir dous discursos. Nalgún momento se propuxo que isto fose un manifesto de apoio ao veciño Marco Antonio Soto. Foi represaliado. Militares e persoas de rango defenden o papel exercido por Franco e agora estase debatendo que se fai co cadáver.

Nos parece totalmente inxusto que o queiran privar durante 30 días de emprego e soldo. Queremos transmitir todo o noso apoio ao veciño.



O BNG considérase antimilitarista e antibelicista. Mobilizámonos. Non podemos darlle o apoio a unha parte do exército militar. Pediríamos que se votase este acordo por puntos. O franquismo perdurou no tempo e aínda hai xente incluso de segunda xeración que o está apoiando.

Sr. Reguera: dende o PSOE mostramos o noso apoio ao veciño Marco Antonio e que se dea traslado ó que consta na proposta. Marco Antonio ten valor, os que fixemos a mili naquelas cartillas que nos daban ó rematar puña “valor se le presupone”. Ten valor que o noso veciño firme un manifesto antifranquista. Unha das cousas máis importantes que temos en España é sacar ó ditador de onde está. En Alemaña ou Italia sería imperdoable que tiveran un mausoleo. Son 4 ou 5 militares en activo que asinaron este expediente e el é o único que ten abertos dous expedientes, un por asinar o manifesto. Abríronlle un expediente porque tacha a Franco de xenocida, dicir que Franco non o é, conleva faltarlle á verdade. Tratouse dunha guerra incivil. Houbo máis de 150.000 homes e mulleres asasinados por motivos ideolóxicos. O PSOE está facendo moito pola recuperación da memoria histórica. É unha inxustiza que o noso veciño estea nesta situación.

Sra. Amoedo: non debería pasar nunca que se mate ou se meta preso alguén polas súas ideas. Di que o PSOE está facendo cousas pero xa comezaron en agosto con este tema e chegaran as eleccións e aínda non estará resolto. Quen suprimiu o servizo militar obrigatorio foi Aznar. O sr. Marco Antonio Santos leva 19 anos no exército e coñece a normativa e como a debe cumprir. A nosa Ministra de Defensa algo terá que dicir ó respecto. O que teñen que facer é instar que se cambien as leis orgánicas que rexen estes procedementos. Dixo o sr. González que apoiamos ó de Redondela pero non aos demais que están expedientados. Ninguén ten que ser represaliado ou expedientado por dicir o que pensa, polo tanto o que hai que facer é cambiar as normas. Apoialo sen dúbida pero hai que instar que cambien as normas.

Sr. Cano: esta moción como di Xoán Carlos claro que podía ir como un manifesto do Concello. Compartimos o discurso do BNG antimilitarista. Se quere directamente quitamos o punto 2 da moción e votamos o resto todo xunto. Ese discurso antimilitarista nos gustaría que o levase a cabo noutros Concellos, como Pontevedra ou Carballo, con alcaldes do BNG nos que van celebrar misa coa garda civil o 12 de outubro. As últimas novas que nos chegan é que hai un garda civil que asinou o manifesto e será expedientado. O que nos asusta é que o manifesto franquista o asinasen xa máis de 1.000, con moitos altos cargos, coroneis, xenerais de brigada, etc. Varios colectivos militares criticaron o manifesto. O PSOE fixo bastante pola memoria histórica pero en sitios como Italia ou Alemaña pasaron páxina coa memoria histórica. En Alemaña desapareceron os símbolos fascistas. En España non se prohíbe, hai estatuas ou rúas adicadas a Franco, diferente simboloxía franquista existente en moitos lugares.. A ONU criticou a España pola seu deixamento na memoria histórica, por manter patrón de impiedade nas desaparicións do franquismo. O noso veciño Lareira ten aberto outro expediente disciplinario por pedir que readmitisen no exército a un denunciante de corrupción dentro das forzas armadas como é o tenente Segura.





Compartimos o que dixo a sra. Amoedo de que se cambie a norma. Consideramos irrenunciábel o dereito á liberdade de expresión. Amnistía Internacional alerta de que se restrinxe en España o dereito á liberdade de expresión.

Sr. Fojo: dicirlle á sra. Amoedo que asinar este manifesto polo sr. Marco Antonio non se estivo faltando para nada a esa lei que lle impide expresarse. Estaba sendo demócrata.

Sr. González (BNG): é difícil chegar a un acordo ou a un consenso con alguén que sempre está buscando a puntilla como fai AER. Ás represalias que se deron aquí nós fomos totalmente contrarias e recibimos presións.

Existen perlas da voceira do PP, como dicir que Marco Antonio sabe ó que se expón estando 20 anos no exército. Tamén é rastreiro dicir que apoiamos isto por buscar votos. Se se mantén votar por puntos apoiaremos os puntos un e tres.

Sr. Reguera: a portavoz do PP tivo bastantes perlas na súa intervención. Levaron bastante máis tempo en botarlle o xabre á Alameda, e reprochámos que levamos tempo cos cambios que pretendemos. Zaida Cantero tívose que ir do exército porque sufriu un acoso laboral e profesional dos seus superiores. Ese manifesto asinárono altos rangos. Estou de acordo en que se deba desmilitarizar todo. Facemos leis de memoria histórica pero cando chegan vostedes ó goberno non poñen un euro, no Parlamento non condenaron a ditadura franquista.

Sra. Amoedo: condeno totalmente a ditadura franquista. Pido que no punto nº 3 se modifique e se poña instar a cambiar a Lei Orgánica de Réxime disciplinario das forzas armadas.

Mire sr. González esa exposición da que vostede tanto fala, houbo un compromiso por parte da deputada de que se ía expoñer na Deputación de Pontevedra.

Mire sr. Reguera, Zapatero estivo no goberno e tampouco foi capaz de mover a Franco.

Alcalde: quero facer constar a falta de respecto do PSOE que fala constantemente cando intervén o PP no seu turno de palabra.

Sr. Cano: aceptamos a proposta de introdución que suxire o PP. Agradeceríamos que enviasen as emendas cun pouco de antelación. Dicirlle ó voceiro do BNG que descoñeciamos esas ameazas, lle daríamos o noso apoio. Vou ler unhas palabras que nos enviou Lareira -dá lectura-..

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a votación a moción antes indicada coa modificación do Punto 2 do acordo substituíndoo por "Instar a cambiar a Lei Orgánica de Réxime disciplinario das forzas armadas", resulta aprobada en votación ordinaria por unanimidade dos concelleiros presentes, sendo 20 votos a favor (08 do PP, 06 do PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).



## 8. 4 Rogos e preguntas.

### PREGUNTAS:

#### **Preguntas formuladas por AER relativa ao Cargadoiro de Rande (Rex. Entrada 24.10.2018, 2018-E-RPLN-20).**

“Visto o presunto informe da Autoridade Portuaria de Vigo respecto do estado do cargadoiro de Rande. Tendo en conta o tempo pasado dende a solicitude de incorporación como BIC, e da incorporación de dito cargadoiro como “ELEMENTO PATRIMONIAL”, sen que por parte do Concello de Redondela nin da Xunta se procedera a unha avaliación de dita infraestrutura. Considerando a importancia de dito elemento do patrimonio industrial dentro dun TODO que conformaría un contorno para a comprensión da historia do noso concello, PREGUNTAMOS:

**Ten pensado solicitar o Sr. Alcalde a intervención da Consellería de Facenda, e concretamente da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, para que valore de xeito independente a situación actual do cargadoiro e as posibilidades de restauración segundo o importante papel que xoga nunha comprensión global do contorno de Rande como núcleo de valor histórico-patrimonial?”**

Resposta. Alcalde: a actitude de Autoridade Portuaria vai en contra dos intereses que estamos defendendo dende o Concello. Vamos facer unha proposta a outras administracións e non só ós sres. de autoridade portuaria para que aquilo non se transforme nunha zona industrial. Hai iniciado un expediente de contratación para facer un estudo do que queremos que se entenda nesas administracións.

#### **Preguntas formuladas por AER relativa a varios temas (Rex. Entrada 27.11.2018, 2018-E-RPLN-21).**

**1) Sobre traballos nunha finca do camiño da Tafona.** Tendo coñecemento de traballos realizados por empregados municipais no cerrado dunha finca particular sobre muro situado no camiño da Tafona, con referencias catastrais que axuntamos, PREGUNTAMOS:

**Que razóns levan a utilizar empregados municipais para ditos traballos que afectan a unha finca particular?**

Resposta. Sra. Barciela: hai uns informes técnicos e da secretaría xurídica do Concello, hai un expediente aberto.



**2) Sobre a previsión de gasto da urbanización do novo colexio na finca da “Xinaria”.** Na sesión de preguntas do pleno ordinario do pasado mes de outubro, AER preguntaba sobre as partidas de gasto das obras da Alameda de Redondela. Na súa contestación, o alcalde afirmou que “o ano pasado tiñamos como obxectivo principal do remanente cumprir coa humanización do entorno do colexio Igrexa. Ao final había unha previsión e os cartos que realmente foron necesarios foron moi superiores”. Tendo en conta estas palabras de Javier Bas sobre este aumento de gasto nas obras de humanización da finca “gratis” da Xinaria, PREGUNTAMOS

**A que cantidade ascende o aumento de gasto nas obras de humanización do entorno do colexio “gratis” de Audasa?**

Resposta. Alcalde: vostedes tiveron acceso ao expediente, saben como vai isto do remanente, recursos para facer a obra e logo vai a licitación. O plantexamento inicial tiña unha estimación en torno aos 600.000 euros pero non podíamos quedarnos cortos porque o proxecto aínda non o tiñamos. Cando deron o importe definitivo hai un importe de 865.000 euros. Como a licitación non se adxudicou no ano 2017 non tivemos coñecemento da baixa ata o ano 2018. Despois a licitación baixou a 543.000 euros, pero nos afectou ao remanente porque se adxudicou no 2018.

**3) Sobre as axudas do ano 2018 da Consellería de Medio Ambiente para concellos incluídos en Rede Natura.** A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio convocou subvencións pola Orde do 21 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para os anos 2018 e 2019 das axudas a investimentos non produtivos vinculadas á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000.

Esta convocatoria permitía solicitar axudas para actuacións diversas na Rede Natura, e en concreto no litoral de Redondela, que se atopa neste espazo protexido. Unha vez publicada a resolución de beneficiarios, comprobamos que o concello de Redondela non se atopa entre eles:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181106/AnuncioG0532-261018-0002\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181106/AnuncioG0532-261018-0002_gl.html)

Tendo en conta a superficie do litoral que se podería acoller a esta liña de axudas e sendo subvencionables actuacións como a eliminación de invasoras (acacias, plumeiro da pampa,...) tal como se atopan ao redor da Depuradora de Redondela.

Así pois, PREGUNTAMOS:



**Solicitou o Concello esta axuda e, de non ser así, o goberno local avaliou a posibilidade de presentarse a estas axudas para actuar en zonas do litoral, como por exemplo realizando unha actuación de eliminación de invasoras nas zonas nas que aparecen?**

Resposta. Miguel Álvarez: pedimos esa axuda e a concretabamos na zona de Meirande e a zona da Rande, pero nos denegaron a axuda. Se pretendía unir todo, se abarcaba a limpeza de todos os restos, eliminar as invasoras que hai nesas zonas, as ramplas... era un proxecto bastante ambicioso.

**4) Sobre o posible traslado da Policía Nacional de Redondela.** Tendo constancia da existencia de intencións de trasladar a base das patrullas da policía Nacional de Redondela para Vigo. Supoñendo, de darse esta situación, unha perda duns efectivos policiais que actúan no noso territorio de xeito rápido, próximo e preferente. Así pois, PREGUNTAMOS:

**Que xestións está desenvolvendo o goberno local de cara a evitar o traslado da base das patrullas da Policía Nacional de Redondela para Vigo?**

Resposta. Sr. González Barbeiro: estamos falando cos responsables da comisaría Vigo-Redondela para que sigan estando en Redondela. Por agora non hai nada que indique que cambie a situación que temos agora.

**5) Sobre o Plan Municipal de Xestión do Patrimonio.** No pasado mes de marzo de 2018 aprobouse por unanimidade a inclusión do Concello de Redondela no itinerario cultural do Consello de Europa Camiños da Arte Rupestre Prehistórica (CARP). A maiores da inclusión, tamén se aprobaron una serie de aportacións ao texto que se realizaron dende AER, entre elas a seguinte:

“4.- Que o Concello de Redondela elabore un PLAN MUNICIPAL DE XESTIÓN DO PATRIMONIO”.

Así pois, PREGUNTAMOS:

**En que situación de elaboración se atopa o PLAN MUNICIPAL DE XESTIÓN DO PATRIMONIO e se os diferentes grupos poderíamos xa comezar a realizar aportacións ao respecto para a súa consideración polo equipo redactor?**

Resposta. Sra. París: trátase de desenvolver con fondos do 2020. É un proxecto que non se pode facer a escala pequena.



**Formulada polo PSOE relativo ao Cemiterio de Eidos (Rex. Entrada 28.11.2018, 2018-E-RC-16040).**

“Ante a situación crítica do estado do Cemiterio Municipal dos Eidos, penosa condición que denunciámos tanto na prensa como mediante unha moción socialista aprobada por unanimidade en xuño de 2017. Esta última aprobada por unanimidade, solicitaba a posta en valor e restauración do Cemiterio dos Eidos.

Os muros do cemiterio cada vez están máis inclinados, afectando á estrutura e poñendo en risco á veciñanza. Ademais da falta de pedras por mor dos hurtos.

**PREGUNTA:**

Que xestión realizou o Goberno Municipal do PP de Redondela para a restauración dos muros do Cemiterio Municipal dos Eidos e ante as obras que se están facendo á beira do muro do Cemiterio, xunto ao edificio da Rúa Hospital?”

Resposta. sra. París: podería preguntarlle o mesmo a vostedes, que xestión fixeron para garantir que o cemiterio non chegase á situación de hoxe. Este goberno municipal se puxo a traballar e pedimos unha axuda o ano pasado e vén da Deputación de Pontevedra. É un proxecto básico e de execución que valora unha actuación valorada en 300.000 euros. Na páxina 13 do proxecto se explica o que se realizará. Dou lectura. É dicir, é unha intervención integral dentro do cemiterio.

**ROGOS:**

**Rogos formulado por AER relativo ao Regulamento e Ordenanzas do Servizo de abastecemento e saneamento de auga (Rex. Entrada 27.11.2018, 2018-E-RPLN-22).**

“No pleno do 27 de xullo do 2017 aprobouse por unanimidade unha moción de AER co seguinte acordo: "Instar ao goberno municipal a que convoque as comisións correspondentes para a revisión dos regulamentos e ordenanzas fiscais do servizo de auga e saneamento.”

Imaxinamos que saben que nos referimos ao erro que xa se está a producir por culpa da redacción desta ordenanza e o seu correspondente regulamento. Estamos a falar da auga, onde existe agora mesmo un problema do que todos somos coñecedores e que esta agrupación consultou, demandou e incluso fixo público pola gravidade e os trastornos que está a provocar á veciñanza. Solicitamos no seu momento que se defina en formas, prazos, modelos normalizados, contacto e oficinas ás que dirixirse para poder realizar a xestión de baixa de todos estes servizos. Entendemos que deberíamos modificar o Regulamento da Auga para este punto, facendo constar o mesmo en consonancia coa ordenanza fiscal, e para rematar así cun problema que está a dar moitos trastornos á veciñanza e que é un dereito para eles e unha obriga para o Concello facilitarillo.

Saía a voceira do PP na prensa alegando que seis meses non era moito tempo para darse de baixa tal e como está a administración. Deixe de botarlle a culpa aos



traballadores municipais, porque isto é unha empresa privada que xestiona un servizo do Concello, ao que vostedes teñen a obriga de esixirle cumpra co seu cometido; e que noutros concellos como o de Vigo, onde este servizo tamén o xestiona Aqualia, a mesma empresa atende as solicitudes de baixa case de xeito instantáneo. Iso si, eles téñeno ben redactado e definido, non como no último regulamento da auga do 2014, onde esquecemos tódolos grupos definir un detalle tan importante e que agora nos está a crear un problema. Se ten vontade de arranxalo como tamén dixo en prensa, fágao. Tamén solicitamos no seu momento que esta solicitude de baixa para este servizo de auga se traslade á sede electrónica no seu correspondente apartado e que se defina en prazos, formas, documentación tipo, documentación a entregar, contacto e oficinas onde realizar ditos trámite.

Coñecendo que teñen intención de modificar a ordenanza fiscal de saneamento e abastecemento de auga por temas de Servizos Sociais por solicitude de AER, e pasado máis dun ano de aprobarse o acordo mencionado por unanimidade, ROGAMOS:

convoquen a correspondente comisión para modificar o regulamento para así poder aprobar estas modificacións nos vindeiros plenos. ”

Resposta. Alcalde: se analizará.

**Rogos formulado polo PSOE relativo a Placa de Radio Redondela na fachada da Casa da Cultura (Rex. Entrada 28.11.2018, 2018-E-RC-16041).**

“O venres 15 de xuño de 2018, colocouse unha placa na Casa da Cultura pola celebración do 35 aniversario da Lei de normalización lingüística. Por mor disto, retirouse unha placa xa existente de Radio Redondela que marcaba a súa localización e tamén facía de divulgación do medio de comunicación. Meses despois, esta placa non foi resposta e non se sabe o seu paradeiro.

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para:

Que o Goberno Municipal do PP repoña a placa de Radio Redondela na fachada da Casa da Cultura onde está a súa sede.”

Resposta. Alcalde: preguntarei ó respecto.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e cincuenta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, o sr. Alcalde dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretario, dou fe.